



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AMES

*Aprobación definitiva da ordenanza reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario dos servizos municipais do ciclo integral da auga do Concello de Ames*

#### ANUNCIO

#### EXPEDIENTE GD: 5679/2023

En sesión plenaria do 26.10.2023 prestouse aprobación inicial a Ordenanza reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario dos servizos que conforman o Ciclo Integral da Auga no Concello de Ames.

O acordo de aprobación inicial foi sometido a exposición pública por prazo de 30 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP núm. 209 do 02.11.2023), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames, e no Portal de Transparencia.

Durante o referido prazo de exposición pública, que comprendeu dende o día 3 de novembro de 2023 ata o día 18 de decembro de 2023, ambos inclusive, non foi presentada ningunha alegación, polo que o acordo de aprobación inicial quedou elevado a definitivo de forma automática.

En cumprimento do previsto no artigo 70.2 da LRBRL faise público o texto definitivamente aprobado ós efectos da súa entrada en vigor que terá lugar unha vez publicado o texto definitivamente aprobado e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 LRBRL.

Contra o presente acordo interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O texto íntegro da ordenanza aprobada definitivamente é o seguinte:

#### Anexo

### ORDENANZA REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE AMES

#### Artigo 1.º Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polo artigo 31.3 da Constitución Española, e polo artigo 105.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co establecido no artigo 20.6 da Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, en relación coa Disposición adicional primeira da Lei 58/2003, xeral tributaria, o Concello de Ames establece a Prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación polos servizos públicos do Ciclo Integral da Auga (abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais). Estes servizos xestionanse de forma directa a través da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL, que asume integramente a súa xestión de acordo cos seus estatutos e coas normas contidas nesta ordenanza.

#### Artigo 2.º Servizos obxecto das tarifas

As prestacións comprendidas na presente ordenanza sobre as que se aplican as tarifas son:

##### 2.1. SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA

En relación ao servizo de abastecemento de auga as prestacións son as seguintes:

##### 1.- Subministro de auga potable.

Para os efectos de aplicar a tarifa por subministro de auga potable distínguense os seguintes TIPOS DE USO:

a) USOS DOMÉSTICOS. Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal. Aplícase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional, nin de servizos de calquera tipo.

b) USOS COMERCIAIS. Son aqueles nos que a auga utilízase para o acondicionamento, limpeza ou hixiene en establecementos profesionais, comerciais ou de servizos.

c) USOS INDUSTRIAIS. Son aqueles nos que a auga constitúa un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción. Aplicarase esta modalidade a tódolos locais ou establecementos nos que se desempeñe unha actividade industrial, así como a centros de ensinanza, deportivos, clubs sociais e recreativos, garaxes e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda e resto de usos contemplados na presente ordenanza. Terán tamén a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análise que realizará o Servizo Municipal ou os laboratorios autorizados ao efecto, determinarase unha contaminación improcedente das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrerá o actuante.

d) USOS MUNICIPAIS. Son aqueles que corresponden aos edificios e instalacións municipais. O Concello autoriza a subministradora do servizo a instalar contadores en todos e cada un dos puntos de subministración que lle afecten. Os servizos técnicos da subministradora calcularán os consumos municipais onde, polas características de ditos puntos, non poida instalarse un contador. Non se considerarán consumos municipais os daquelas dependencias que sendo municipais se poñan ao dispor das empresas adxudicatarias de servizos municipais.

f) USOS ESPECIAIS. Considéranse subministración especial aqueles usos non incluídos nas modalidades anteriores.

2.- Servizo de instalación, verificación e desprecintado, mantemento e conservación de contadores, de acordo co previsto no regulamento do servizo.

3.- Actividade, técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión á rede municipal de subministro de auga e a contratación do servizo.

4.- Execución de acometidas de subministro de auga.

## 2.2. SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

En relación ao servizo de saneamento e depuración de augas residuais as prestacións son as seguintes:

a) A utilización da rede de saneamento dos predios que legal ou fisicamente constitúan a unidade de edificación.

b) A prestación do servizo de depuración de augas residuais vertidas pola rede de saneamento.

c) A actividade técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais).

d) Execución de acometidas ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais).

No caso das prestacións de saneamento e deputación de augas residuais, de acordo co carácter obrigatorio deste servizo, incorren na obriga de pago:

a) Os propietarios das fincas do municipio conectadas á rede, que deberán verter á mesma as augas residuais que produzan.

b) Os propietarios das fincas respecto das que exista a posibilidade da conexión de acordo co previsto no regulamento do servizo, aínda cando os interesados non soliciten a prestación do mesmo, ou non culminen a execución da correspondente acometida.

Non existe obriga de contribuír por este servizo cando se trate de fincas derruídas declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

A estes efectos entenderase por ruinoso unicamente aquel inmovble que fose obxecto dunha declaración administrativa de ruína de acordo co disposto na norma que en cada caso resulte de aplicación.

### Artigo 3.º. Obrigados ao pago

Son suxeitos obrigados ao pago das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario reguladas nesta ordenanza, as persoas físicas, as persoas xurídicas, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que carentes de personalidade xurídica constitúan unha comunidade económica ou un patrimonio separado susceptible de ser suxeito de dereitos e obrigas, que sexan titulares do contrato, solicitantes ou destinatarios dos servizos, coas seguintes particularidades:

3.1.-A persoa contratante dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración será a/o titular do terreo, local, vivenda ou industria á que se lle preste o servizo ou quen lle represente legalmente.

3.2.-Nos casos de cambio de titularidade do terreo, local, vivenda ou industria abastecidos, os interesados deberán comunicar á entidade prestadora do servizo do Ciclo Integral da Auga o cambio de titularidade no prazo máximo dun mes dende que o mesmo se teña producido. A falta de comunicación implicará a asunción por parte do anterior e do novo propietario, con carácter solidario, das débedas derivadas polo subministro tanto anteriores coma posteriores ao cambio de titularidade e ata o momento de realizarse a comunicación.

Os propietarios dos inmobles poderán repercutir as cotas sobre os respectivos beneficiarios dos servizos, sen que as relacións xurídico – privadas destes teñan efectos fronte á administración.

#### Artigo 4.º Base de cálculo das tarifas:

##### 4.1.- SERVIZO DE ABASTECIMENTO

A base de cálculo das tarifas pola prestación do servizo de abastecemento reguladas nesta ordenanza estará constituída :

- Para os supostos de subministro de auga potable, sinalados no artigo 2.1.1 desta ordenanza, polo consumo de auga medido en metros cúbicos, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota de dispoñibilidade do servizo que será fixa, para cada tipo de uso, de acordo co sinalado no artigo 5.
- Para os supostos de servizo de instalación, verificación, desprecintado, mantemento e conservación de contadores, sinalados no artigo 2.1.2, a cota tributaria será determinada por aplicación do disposto no artigo 5.
- Para os supostos de actividade técnica e administrativa dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión á rede municipal de subministro de auga, e a contratación do servizo, sinalados no artigo 2.1.3, a cota tributaria será determinada por aplicación do disposto no artigo 5.
- Para os supostos de execución de acometidas de subministro de auga, sinalados no artigo 2.1.4 desta ordenanza, pola lonxitude da acometida que exceda dos cinco metros, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota polos cinco primeiros metros, de acordo co sinalado no artigo 5.

##### 4.2.- SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPUTACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

A base de cálculo das tarifas pola prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais reguladas nesta ordenanza estará constituída:

- Para os supostos de utilización da rede de saneamento dos predios que legal ou fisicamente constituán a unidade de edificación e a prestación do servizo de depuración de augas residuais vertidas pola rede de saneamento, sinalados no artigo 2.2. a) e b) desta ordenanza respectivamente, nos casos de fincas que fagan uso do servizo municipal de subministro de auga potable, polo consumo de auga medido en metros cúbicos, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota de dispoñibilidade do servizo, que será fixa en función para cada tipo de uso, de acordo co indicado no artigo seguinte. Nos casos de fincas que non fagan uso do servizo municipal de subministro de auga potable, esixirase unicamente unha cota fixa, de acordo co sinalado no artigo 5.
- Para os supostos de actividade técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais), sinalados no artigo 2.2.c) desta ordenanza, a cota tributaria será determinada por aplicación do disposto no artigo 5 desta ordenanza.
- Para os supostos de execución de acometidas ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais), sinalados no artigo 2.2.d) desta ordenanza, pola lonxitude da acometida que exceda dos cinco metros, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota polos cinco primeiros metros, de acordo co sinalado no artigo 5.

#### Artigo 5.º Cotas.

##### 5.1.- SERVIZO DE ABASTECIMENTO

Para o servizo de abastecemento de auga, a cota establecerase de acordo co seguinte:

A.- Para as prestacións comprendidas no artigo 2.1.1 de subministro de auga potable, sumando á cota de dispoñibilidade do servizo que en cada caso corresponda o importe que resulte de multiplicar o consumo rexistrado en metros cúbicos polo importe/metro cúbico asociado ao tramo de aplicación, de acordo co seguinte:

| A) USO DOMÉSTICO                         |                            |
|--|----------------------------|
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo  | 5 €/mes                    |
| TRAMOS                                   | €/m <sup>3</sup> consumido |
| 1º TRAMO: 0-10,999 m <sup>3</sup> /mes   | 0,099210                   |
| 2º TRAMO: 11 -20,999 m <sup>3</sup> /mes | 0,595263                   |
| 3º TRAMO: 21-40 m <sup>3</sup> /mes      | 0,831757                   |
| 4º TRAMO: Máis 40 m <sup>3</sup> /mes    | 1,419183                   |

| <b>B) USO COMERCIAL</b>                  |                                  |
|--|----------------------------------|
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo  | 5 €/mes                          |
| <b>TRAMOS</b>                            | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> |
| 1º TRAMO: 0-10,999 m <sup>3</sup> /mes   | 0,174327                         |
| 2º TRAMO: 11 -20,999 m <sup>3</sup> /mes | 1,045961                         |
| 3º TRAMO: 21-40 m <sup>3</sup> /mes      | 1,341766                         |
| 4º TRAMO: Máis 40 m <sup>3</sup> /mes    | 2,282280                         |

| <b>C) USO INDUSTRIAL</b>                 |                                  |
|--|----------------------------------|
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo  | 8 €/mes                          |
| <b>TRAMOS</b>                            | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> |
| 1º TRAMO: 0-15,999 m <sup>3</sup> /mes   | 0,092170                         |
| 2º TRAMO: 16 -30,999 m <sup>3</sup> /mes | 0,553019                         |
| 3º TRAMO: 31-45 m <sup>3</sup> /mes      | 0,821514                         |
| 4º TRAMO: Máis 45 m <sup>3</sup> /mes    | 1,431398                         |

| <b>D) USO PARA OBRAS E USOS ESPECIAIS</b> |                                  |
|---|----------------------------------|
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo   | 8,5 €/mes                        |
| <b>TRAMOS</b>                             | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> |
| 1º TRAMO: 0-15,999 m <sup>3</sup> /mes    | 0,230464                         |
| 2º TRAMO: 16 -30,999 m <sup>3</sup> /mes  | 1,382785                         |
| 3º TRAMO: 31-45 m <sup>3</sup> /mes       | 1,778520                         |
| 4º TRAMO: Máis 45 m <sup>3</sup> /mes     | 3,711231                         |

B.- Para as prestacións comprendidas no artigo 2.1.2, servizo de instalación, verificación, desprecintado, mantemento e conservación de contadores, pola aplicación dos seguintes importes:

- Para a instalación de contadores:

a) Instalación de contador de 15mm en batería de contadores ou similar: 87,22€/unidade.

-Contador de 15mm

-Válvula antirretorno

-Pezas de conexión

b) Instalación arqueta ou armario 185,04€

- Arqueta 40x40 ou armario

-Contador de 15mm

-Válvula antirretorno

-Pezas de conexión

c) Contadores en función do diámetro, sen instalación:

| <b>Diámetro:</b> | <b>euros/unidade</b> |
|------------------|----------------------|
| 13 mm            | 54,70                |
| 15 mm            | 62,26                |
| 20 mm            | 75,99                |
| 25 mm            | 123,75               |
| 30 mm            | 173,01               |
| 40 mm            | 268,19               |
| 50 mm            | 586,03               |
| 65 mm            | 726,49               |

- Para mantemento, conservación, desprecintado ou verificación de contadores:

|   |                  |
|---|------------------|
| Mantemento e conservación de contadores   | 0,335 €/mes.     |
| Desprecintado do contador ou verificación e desprecintado en caso de instalación polo abonado (*) | 27,62 €/unidade. |

(\*) Esta cota refírese á verificación e desprecintado en caso de instalación polo abonado e ao restablecemento do servizo de subministro de auga cando non se teña producido a extinción do contrato.

C.- Para as prestacións comprendidas no artigo 2.1.3, actividade técnica e administrativa dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión á rede municipal de subministro de auga, e a contratación do servizo, pola aplicación dos seguintes importes:

|   |                  |
|---|------------------|
| Enganche ( conexión ou posteriores contratacións) | 80,64 €/unidade. |
|---|------------------|

D.- Para as prestacións comprendidas no artigo 2.1.4, execución de acometidas de subministro de auga, pola aplicación dos seguintes importes:

D.1 Acometidas de ata 5 metros de lonxitude:

| Ø Acometida | Pavimento |            |                    |
|-------------|-----------|------------|--------------------|
|             | Terra     | Aglomerado | Baldosa- beirarrúa |
| ¾' (d=25mm) | 222,59€   | 299,74€    | 330,64€            |
| 1' (d=32mm) | 227,35€   | 329,15€    | 368,23€            |
| 1¼"-1½"     | 249,69€   | 353,49€    | 390,57€            |
| 2" (d=63mm) | 261,33€   | 372,56€    | 409,64€            |

D.2 Para acometidas que excedan dos 5 metros, engadirase por cada metro os importes resultantes da aplicación do seguinte:

| Acometida  | ¾' (d=25mm) | 1' (d=32mm) | 1¼"-1½" | 2" (d=63mm) |
|------------|-------------|-------------|---------|-------------|
| Terra      | 9,35€       | 9,75€       | 11,65€  | 13,76€      |
| Aglomerado | 26,65€      | 27,05€      | 28,95€  | 31,06€      |
| Beirarrúa  | 32,83€      | 33,23€      | 35,13€  | 37,24€      |

## 5.2. SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPUTACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Para o servizo de saneamento e depuración de augas residuais, a cota establecerase de acordo co seguinte:

A. Para as prestacións comprendidas no artigo 2.2 a) e b), de utilización da rede de saneamento dos predios que legal ou fisicamente constitúan a unidade de edificación e a prestación do servizo de depuración de augas residuais vertidas pola rede de saneamento, nos casos de fincas que **fagan uso do servizo municipal de subministro de auga potable**, sumando á cota de dispoñibilidade do servizo que en cada caso corresponda os importes que resulten de multiplicar os metros cúbicos de auga consumidos polos importes/metro cúbico asociados ao tramo de aplicación, tanto para o servizo de saneamento como para o de depuración, de acordo co seguinte:

|   | SANEAMENTO                       | DEPURACIÓN                       |
|---|----------------------------------|----------------------------------|
| <b>A) USO DOMÉSTICO</b>                 |                                  |                                  |
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo | 4€/mes                           |                                  |
| <b>TRAMOS</b>                           | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> |
| 1º TRAMO: 0-10 m <sup>3</sup> /mes      | 0,048910                         | 0,057125                         |
| 2º TRAMO: Máis 10 m <sup>3</sup> /mes   | 0,146731                         | 0,171373                         |

| B) USO COMERCIAL E USOS ESPECIAIS       | SANEAMENTO                 | DEPURACIÓN                 |
|---|----------------------------|----------------------------|
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo | 4 €/mes                    |                            |
| TRAMOS                                  | €/m <sup>3</sup> consumido | €/m <sup>3</sup> consumido |
| 1º TRAMO: 0-10 m <sup>3</sup> /mes      | 0,099017                   | 0,113267                   |
| 2º TRAMO: Máis 10 m <sup>3</sup> /mes   | 0,297050                   | 0,339802                   |

| C) USO INDUSTRIAL                          | SANEAMENTO                 | DEPURACIÓN                 |
|--|----------------------------|----------------------------|
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo 6€ | 6 €/mes                    |                            |
| TRAMOS                                     | €/m <sup>3</sup> consumido | €/m <sup>3</sup> consumido |
| 1º TRAMO: 0-10 m <sup>3</sup> /mes         | 0,033322                   | 0,038731                   |
| 2º TRAMO: Máis 10 m <sup>3</sup> /mes      | 0,099966                   | 0,116192                   |

| D) USO PARA OBRAS                          | SANEAMENTO                 | DEPURACIÓN                 |
|--|----------------------------|----------------------------|
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo 6€ | 6 €/mes                    |                            |
| TRAMOS                                     | €/m <sup>3</sup> consumido | €/m <sup>3</sup> consumido |
| 1º TRAMO: 0-10 m <sup>3</sup> /mes         | 0,030602                   | 0,039465                   |
| 2º TRAMO: Máis 10 m <sup>3</sup> /mes      | 0,091805                   | 0,118396                   |

B. Para as prestacións comprendidas no artigo 2.2 a) e b), de utilización da rede de saneamento dos predios que legal ou fisicamente constitúan a unidade de edificación e a prestación do servizo de depuración de augas residuais vertidas pola rede de saneamento nos casos de fincas que non fagan uso do servizo municipal de abastecemento de auga potable, mediante a aplicación da seguinte cota:

|             | SANEAMENTO     | DEPURACIÓN      |
|-------------|----------------|-----------------|
| Por abonado | 1,563009 €/mes | 3,5788721 €/mes |

C. Para os feitos impondibles sinalados no artigo 2.2 c) de actividade técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais), pola aplicación dos seguintes importes:

|                             |                  |
|-----------------------------|------------------|
| Enganche á rede de pluviais | 35,42 €/unidade. |
| Enganche á rede de fecais   | 35,42 €/unidade. |

D. Para o feito impondible sinalado no artigo 2.2 d), de execución de acometidas ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais), pola aplicación dos seguintes importes:

Importes de aplicación para execución da conexión coas redes de saneamento, para cada unha das acometidas de pluviais ou fecais solicitada:

| Pavimento  | Importe pola execución de acometida de ata 5 metros de lonxitude | Importe a engadir por cada metro a maiores de 5 na lonxitude da acometida |
|------------|--|---|
| Terra      | 285,12€  | 22,25€  |
| Aglomerado | 406,92€  | 46,61€  |
| Beirarrúa  | 471,72€  | 59,57€  |

A unidade de acometida ao saneamento municipal estará formada por arqueta de saída, tubaxe de PVC liso de  $d=160\text{mm}$  e  $4\text{kN/m}^2$ , incluídos os traballos de demolición e reposición do pavimento preexistente, escavación, recheo e conexión ao colector municipal.

## Artigo 6. Reducións na cota

### 6.1. Reducións na cota

As cotas reguladas no artigo 5.1.A de servizo de abastecemento uso doméstico, 5.1.B de servizo de abastecemento uso comercial, 5.2.A de servizo de saneamento e depuración uso doméstico e 5.2.B de servizo de saneamento e depuración uso comercial e uso especial, quedarán reducidas nun cincuenta por cento para os contribuíntes que sexan beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), así como para os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado.

6.1.1. Estas reducións teñen carácter rogado, xurdindo efecto desde a súa concesión no período seguinte ao da solicitude.

6.1.2. Os interesados que desexen acceder a este beneficio deberán presentar a correspondente solicitude, con indicación expresa de que se solicita a redución da cota no servizo de abastecemento, saneamento e depuración e xuntarán á mesma a seguinte documentación:

a) Fotocopia do NIF do solicitante, así como no seu caso, do seu representante, xuntando xustificante que acredite dita representación.

b) Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter análogo.

c) Referencia e titularidade catastrais do inmovible no que se presta o servizo (poderá acreditarse achegando copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles).

d) Certificado de empadramento na vivenda obxecto da solicitude

e) No caso en que o solicitante non sexa propietario do inmovible obxecto do servizo deberá achegar, ademais:

- Fotocopia do contrato de alugamento ou documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso do mesmo ao solicitante da redución.
- Autorización do titular do contrato para solicitar a redución na cota dos servizos.

6.1.3. A entidade prestadora do Servizo do Ciclo Integral da Auga comprobará que se reúnen todos os requisitos para poder aplicar esta redución.

6.1.4. Tanto o propietario do ben inmovible obxecto do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á entidade prestadora do servizo do Ciclo Integral da Auga calquera modificación nos datos relativos a esta redución.

6.1.5. No caso de renovacións, cando o réxime protector ao que estea acollido o a interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberase achegar fotocopia compulsada do novo acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter análogo

6.1.6. O cambio de domicilio por parte do beneficiario suporá o cese no goce da redución con efectos no mesmo trimestre en que efectivamente se probe. O recoñecemento da redución nun novo domicilio requirirá da formulación dunha nova solicitude, e da achega da documentación indicada no punto 2 deste artigo.

### 6.2. Reducións na cota en caso de fuga

a) Nos casos de fuga de auga previstos no número 6.2.1 deste artigo, liquidarase o consumo do mesmo trimestre do ano anterior aplicando a tarifa vixente. De non existir datos do consumo do mesmo trimestre do ano anterior, facturaranse os primeiros 80 m<sup>3</sup> aplicando a tarifa vixente.

b) O resto do consumo, facturarase o prezo do 2º tramo do uso doméstico.

c) Está tarifa so será aplicable a un único período de facturación.

6.1.1. A tarifa aplicable en caso de fuga será de aplicación a aqueles abonados que o soliciten e cumpran os requisitos seguintes:

a) O tipo de uso será doméstico, cun consumo mínimo trimestral de 80 m<sup>3</sup>.

b) O consumo do recibo polo que se solicita a redución deberá ser superior ao triplo do consumo do mesmo trimestre do ano anterior. De non existir datos do mesmo trimestre do ano anterior, o consumo do recibo polo que se solicita a redución deberá ser superior a 180 m<sup>3</sup>.

c) Deberase reparar ou emendar a avaría que provocou o aumento de consumo nun prazo de sete días naturais dende que tivo coñecemento da existencia da fuga.

d) Que a fuga se haxa producido por un feito fortuíto non atribuíble a unha negligencia. Para estes efectos, entenderase que existe negligencia cando se trate dunha fuga non reparada no prazo que se indica no apartado anterior, ou cando se trate dunha fuga informada e comunicada ao usuario e non reparada.

e) Non ter pendente de pago ningún recibo, excepto do que se solicita a presente redución.

f) Non ser cuberto o exceso de consumo pola póliza do seguro do inmovible.

6.2.2 Desestimaranse aquelas solicitudes de bonificación en caso de fuga que:

a) Non cumpran os requisitos anteriores.

b) Cando se aplicou a norma a outra avaría na mesma subministración e entre a devandita avaría e a actual transcorre-se menos dun ano a contar entre as datas de solicitude.

c) Cando xa se aplicou a norma a dúas avarías na mesma subministración e entre a primeira delas e a avaría actual transcorresen menos de cinco anos a contar entre as datas de solicitude.

6.2.3. Procedemento de aplicación da tarifa aplicable en caso de fuga

a) O procedemento iniciarase a instancia do titular do contrato de subministración de auga. A solicitude deberá presentarse como límite ata transcorridos 15 días naturais contados dende a finalización do período voluntario de abono do recibo, achegando, en todo caso, a seguinte documentación:

- Fotocopia da factura de reparación da fuga de auga e xustificante do pago da mesma, emitida por instalador autorizado, ou de informe do seguro que asuma a reparación.

- Declaración responsable de que o exceso de consumo non está cuberto pola póliza do seguro do inmovible.

b) transcorrido o prazo de tres meses sen que se notifique a resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude.

6.3. Tarifa aplicable a comunidade de propietarios que dispoñen do servizo comunitario de auga quente.

a) Nos casos de abastecemento previstos no número 6.3.1 deste artigo, liquidarase o consumo como uso doméstico.

b) O consumo que exceda dos 40 m<sup>3</sup>/mes facturarase o prezo do 2º tramo do uso doméstico.

6.3.1. A tarifa será de aplicación a aqueles abonados que o soliciten e cumpran os requisitos seguintes:

a) O contrato de subministro estará a nome da comunidade de propietarios.

b) O uso da auga deberá ser exclusivo para auga quente sanitaria.

6.3.2 Desestimaranse aquelas solicitudes que:

a) Non cumpran os requisitos anteriores.

b) Cando non se acredite adecuadamente o uso da auga en exclusiva para uso comunitario de auga quente.

6.3.3. Procedemento de aplicación da tarifa

a) O procedemento iniciarase a instancia da comunidade de propietarios, a solicitude será presentada polo representante legal da mesma, debidamente acreditado, en todo caso, será preciso acompañar a mesma a seguinte documentación:

- Acreditación da representación mediante calquera medio válido en dereito (art. 5.3.3 Lei 39/15).

- Informe de instalador autorizado no que se describirá a instalación e os seus elementos, o que se acompañara un esquema da instalación comunitaria dende o contador principal.

b) Transcorrido o prazo de tres meses sen que se notifique a resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude.

6.4. Os importes sinalados neste artigo veranse gravados co IVE que resulte de aplicación.

#### **Artigo 7.º Devindicación das cotas e período de facturación**

Con carácter xeral, o período de facturación coincidirá co trimestre natural. As cotas devendicaranse o primeiro día do período de facturación.

No caso de altas no servizo, o período de facturación axustarse a esta circunstancia co rateo das cotas fixas por meses naturais.

#### **Artigo 8.º Normas de xestión.**

A) Autorización e execución de acometidas.

1. As persoas interesadas na obtención dunha autorización de acometida, prestacións recollidas nos artigos 2.1.4 (execución de acometidas de subministro de auga) e 2.2.d (execución de acometidas ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais), previamente á presentación da oportuna solicitude, abonarán o importe da cota por acometida prevista nos artigos 5.1.D e 5.2.D da presente ordenanza, que será facturada pola entidade prestadora do servizo do Ciclo Integral da Auga.



2. En caso de executar unha acometida sen mediar a previa autorización, a entidade prestadora do servizo liquidará a tarifa correspondente, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador.

3. Para proceder á execución dunha acometida á rede de abastecemento ou saneamento, con anterioridade ao comezo das obras o interesado deberá ingresar a cota correspondente en concepto de depósito previo que será o importe íntegro do orzamento que resulte da aplicación do disposto no artigo 5.1.D e 5.2.D desta ordenanza. Rematadas as obras, e á vista do seu custe, a entidade prestadora do servizo, no seu caso, practicará a correspondente liquidación para esixir ou reintegrar ao interesado os importes que procedan.

A) Subministro de auga e mantemento e conservación de contadores .

- O obrigado ao pago queda obrigado tamén a presentar declaracións de alta, baixa ou modificación do servizo.
- Toda autorización para gozar do servizo levará aparellada a obriga de subscribir un contrato, instalar o contador nos inmobles será particular para cada vivenda-, que deberá ser colocado en sitio visible e de fácil acceso de xeito que permita a súa lectura. A sinatura do contrato de subministro dará lugar a inclusión na base de datos de abonados do servizo.
- Cada autorización será intransferible, e concederáse para un domicilio ou obra determinada.
- Os volumes de auga consumida serán os medidos en cada momento polo contador.
- As variacións no caudal subministrado debidas a razóns climatolóxicas, avarías ou outras causas de forza maior non darán dereito aos abonados a reclamar ningunha cantidade.
- A lectura do contador, facturación e cobro efectuaranse cada tres meses. A prestación patrimonial de carácter público non tributario esixirase mediante factura. Ao se tratar dun cobro periódico, una vez efectuada e facturada a alta poderán notificarse as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan.

B) Servizo de rede de saneamento e depuración

- O obrigado ao pagamento queda obrigado tamén a presentar declaracións de alta, baixa ou modificación do servizo, que producirán efectos no seguinte período de facturación.
- Toda autorización para gozar do servizo de saneamento levará aparellada a obriga de subscribir un contrato, a sinatura do contrato do servizo dará lugar a inclusión na base de datos de abonados do servizo.
- Para aqueles propietarios que non soliciten a prestación do servizo de saneamento ou non procedan a efectuar a acometida, sempre que exista a posibilidade da conexión segundo o regulamento do servizo, existe a obriga de comunicar a alta na base de datos dos abonados do servizo.
- As cotas esixibles liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que as relativas ao servizo de subministro de auga.
- A exacción da prestación patrimonial de carácter público non tributario esixirase mediante factura. Ao se tratar dun cobro periódico, una vez efectuada e facturada a alta poderán notificarse as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan.
- Nas declaracións de baixa, achegarase certificado administrativo de declaración de ruína da construción ou documentación acreditativa de que o inmovible adquiriu a condición de solar ou terreo. Fóra deste suposto non se admitirá baixa ningunha.

**Artigo 9.º Normas de pagamento**

O prazo do pagamento das facturas emitidas pola entidade prestadora do servizo é de dous meses dende a data de emisión, debendo quedar constancia deste na propia factura.

As persoas obrigadas ao pagamento poderán optar por domiciliar o pago do recibo nunha conta bancaria ou ben facelo efectivo nas entidades bancarias ou financeiras que a entidade prestadora do servizo autorice para o cobro, no prazo indicado no apartado anterior.

A falta de pagamento das cantidades resultantes da aplicación das tarifas recollidas nesta ordenanza poderá supoñer a suspensión do subministro de auga, de conformidade co establecido no Regulamento do servizo. En todo caso, transcorrido o prazo de dous meses dende a emisión da factura sen que esta fose abonada, a entidade prestadora do servizo trasladará relación de débedas pendentes de pago ao Concello con indicación do comezo e fin do prazo para o pago da factura, para que este inicie os procedementos de recadación en vía executiva.

### Disposición transitoria

A entrada en vigor desta ordenanza non é precisa a formación da correspondente alta no servizo, nen unha nova solicitude de redución da cota, para as persoas usuarias dadas de alta no servizo con anterioridade á aprobación desta ordenanza.

Tan só terán que solicitar a alta e/ou redución da cota os novos abonados do servizo.

### Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor da presente ordenanza queda derogadas as ordenanzas seguintes:

Ordenanza fiscal 3.A.2 reguladora da taxa polo saneamento e depuración de augas residuais

Ordenanza fiscal 3.A.3 reguladora da taxa pola subministración de auga.

### Disposición derradeira.

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o xxxxxxxxxxxxxxxx, e entrará en vigor unha vez entre en funcionamento a Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL e se teña publicada no Boletín Oficial da Provincia, nos termos indicados no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

(.....)

Rematadas as intervencións, a concelleira do grupo municipal Espazo Común, Luisa Feijóo Montero, en base o previsto no artigo 46.2 do ROM propón que este asunto quede sobre a mesa sendo esta proposta rexeitada co voto a favor da concelleira do grupo municipal Espazo Común, e cos votos en contra dos demais grupos municipais.

Sometido a votación o fondo do asunto, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos seus membros, cos votos a favor dos/as 8 concelleiros/as do grupo municipal socialista, dos/as 5 concelleiros/as do grupo municipal BNG, coa abstención dos/as 7 concelleiros/as do grupo municipal popular e o voto en contra da concelleira do grupo municipal Espazo Común, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.** Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora reguladora da prestacións patrimoniais de carácter público non tributario pola prestación dos servizos que conforman o Ciclo Integral da Auga (CIA) no Concello de Ames, cuxo texto figura como anexo.

**Segundo.** Someter dito acordo de aprobación inicial a exposición publica mediante anuncio por prazo de 30 días hábiles no BOF, taboleiro de anuncios da sede electrónica e portal de transparencia.

**Terceiro.** Remitir o expediente á Comisión de Prezos de Galicia para informe preceptivo tal e como indica o artigo 20.6 TRLRFL.

**Cuarto.** Facultar o alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

### Anexo

## ORDENANZA REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE AMES

### Artigo 1.º Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polo artigo 31.3 da Constitución Española, e polo artigo 105.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co establecido no artigo 20.6 da Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, en relación coa Disposición adicional primeira da Lei 58/2003, xeral tributaria, o Concello de Ames establece a Prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación polos servizos públicos do Ciclo Integral da Auga (abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais). Estes servizos xestiónanse de forma directa a través da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL, que asume integramente a súa xestión de acordo cos seus estatutos e coas normas contidas nesta ordenanza.

### Artigo 2.º Servizos obxecto das tarifas

As prestacións comprendidas na presente ordenanza sobre as que se aplican as tarifas son:

#### 2.1. SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA

En relación ao servizo de abastecemento de auga as prestacións son as seguintes:

#### 1.- Subministro de auga potable.

Para os efectos de aplicar a tarifa por subministro de auga potable distínguense os seguintes TIPOS DE USO:

a) USOS DOMÉSTICOS. Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal. Aplícase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional, nin de servizos de calquera tipo.

b) USOS COMERCIAIS. Son aqueles nos que a auga utilízase para o acondicionamento, limpeza ou hixiene en establecementos profesionais, comerciais ou de servizos.

c) USOS INDUSTRIAIS. Son aqueles nos que a auga constitúa un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción. Aplicarase esta modalidade a tódolos locais ou establecementos nos que se desempeñe unha actividade industrial, así como a centros de ensinanza, deportivos, clubs sociais e recreativos, garaxes e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda e resto de usos contemplados na presente ordenanza. Terán tamén a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análise que realizará o Servizo Municipal ou os laboratorios autorizados ao efecto, determinárase unha contaminación impropiedade das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrerá o actuante.

d) USOS MUNICIPAIS. Son aqueles que corresponden aos edificios e instalacións municipais. O Concello autoriza a subministradora do servizo a instalar contadores en todos e cada un dos puntos de subministración que lle afecten. Os servizos técnicos da subministradora calcularán os consumos municipais onde, polas características de ditos puntos, non poida instalarse un contador. Non se considerarán consumos municipais os daquelas dependencias que sendo municipais se poñan ao dispor das empresas adxudicatarias de servizos municipais.

f) USOS ESPECIAIS. Considéranse subministración especial aqueles usos non incluídos nas modalidades anteriores.

2.- Servizo de instalación, verificación e desprecintado, mantemento e conservación de contadores, de acordo co previsto no regulamento do servizo.

3.- Actividade, técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión á rede municipal de subministro de auga e a contratación do servizo.

4.- Execución de acometidas de subministro de auga.

#### 2.2. SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

En relación ao servizo de saneamento e depuración de augas residuais as prestacións son as seguintes:

e) A utilización da rede de saneamento dos predios que legal ou fisicamente constitúan a unidade de edificación.

f) A prestación do servizo de depuración de augas residuais vertidas pola rede de saneamento.

g) A actividade técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais).

h) Execución de acometidas ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais).

No caso das prestacións de saneamento e deputación de augas residuais, de acordo co carácter obrigatorio deste servizo, incorren na obriga de pago:

c) Os propietarios das fincas do municipio conectadas á rede, que deberán verter á mesma as augas residuais que produzan.

d) Os propietarios das fincas respecto das que exista a posibilidade da conexión de acordo co previsto no regulamento do servizo, aínda cando os interesados non soliciten a prestación do mesmo, ou non culminen a execución da correspondente acometida.

Non existe obriga de contribuír por este servizo cando se trate de fincas derruídas declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

A estes efectos entenderase por ruinoso unicamente aquel inmovible que fose obxecto dunha declaración administrativa de ruína de acordo co disposto na norma que en cada caso resulte de aplicación.

#### Artigo 3.º. Obrigados ao pago

Son suxeitos obrigados ao pago das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario reguladas nesta ordenanza, as persoas físicas, as persoas xurídicas, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que carentes de personalidade xurídica constitúan unha comunidade económica ou un patrimonio separado susceptible de ser suxeito de dereitos e obrigas, que sexan titulares do contrato, solicitantes ou destinatarios dos servizos, coas seguintes particularidades:

3.1.–A persoa contratante dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración será a/o titular do terreo, local, vivenda ou industria á que se lle preste o servizo ou quen lle represente legalmente.

3.2.–Nos casos de cambio de titularidade do terreo, local, vivenda ou industria abastecidos, os interesados deberán comunicar á entidade prestadora do servizo do Ciclo Integral da Auga o cambio de titularidade no prazo máximo dun mes dende que o mesmo se teña producido. A falta de comunicación implicará a asunción por parte do anterior e do novo propietario, con carácter solidario, das débedas derivadas polo subministro tanto anteriores coma posteriores ao cambio de titularidade e ata o momento de realizarse a comunicación.

Os propietarios dos inmobles poderán repercutir as cotas sobre os respectivos beneficiarios dos servizos, sen que as relacións xurídico – privadas destes teñan efectos fronte á administración.

#### **Artigo 4.º Base de cálculo das tarifas:**

##### **4.1.- SERVIZO DE ABASTECIMENTO**

A base de cálculo das tarifas pola prestación do servizo de abastecemento reguladas nesta ordenanza estará constituída :

- Para os supostos de subministro de auga potable, sinalados no artigo 2.1.1 desta ordenanza, polo consumo de auga medido en metros cúbicos, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota de dispoñibilidade do servizo que será fixa, para cada tipo de uso, de acordo co sinalado no artigo 5.
- Para os supostos de servizo de instalación, verificación, desprecintado, mantemento e conservación de contadores, sinalados no artigo 2.1.2, a cota tributaria será determinada por aplicación do disposto no artigo 5.
- Para os supostos de actividade técnica e administrativa dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión á rede municipal de subministro de auga, e a contratación do servizo, sinalados no artigo 2.1.3, a cota tributaria será determinada por aplicación do disposto no artigo 5.
- Para os supostos de execución de acometidas de subministro de auga, sinalados no artigo 2.1.4 desta ordenanza, pola lonxitude da acometida que exceda dos cinco metros, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota polos cinco primeiros metros, de acordo co sinalado no artigo 5.

##### **4.2.- SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPUTACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**

A base de cálculo das tarifas pola prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais reguladas nesta ordenanza estará constituída:

- Para os supostos de utilización da rede de saneamento dos predios que legal ou fisicamente constituían a unidade de edificación e a prestación do servizo de depuración de augas residuais vertidas pola rede de saneamento, sinalados no artigo 2.2. a) e b) desta ordenanza respectivamente, nos casos de fincas que fagan uso do servizo municipal de subministro de auga potable, polo consumo de auga medido en metros cúbicos, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota de dispoñibilidade do servizo, que será fixa en función para cada tipo de uso, de acordo co indicado no artigo seguinte. Nos casos de fincas que non fagan uso do servizo municipal de subministro de auga potable, esixirase unicamente unha cota fixa, de acordo co sinalado no artigo 5.
- Para os supostos de actividade técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais), sinalados no artigo 2.2.c) desta ordenanza, a cota tributaria será determinada por aplicación do disposto no artigo 5 desta ordenanza.
- Para os supostos de execución de acometidas ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais), sinalados no artigo 2.2.d) desta ordenanza, pola lonxitude da acometida que exceda dos cinco metros, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota polos cinco primeiros metros, de acordo co sinalado no artigo 5.

#### **Artigo 5.º Cotas.**

##### **5.1.- SERVIZO DE ABASTECIMENTO**

Para o servizo de abastecemento de auga, a cota establecerase de acordo co seguinte:

A.- Para as prestacións comprendidas no artigo 2.1.1 de subministro de auga potable, sumando á cota de dispoñibilidade do servizo que en cada caso corresponda o importe que resulte de multiplicar o consumo rexistrado en metros cúbicos polo importe/metro cúbico asociado ao tramo de aplicación, de acordo co seguinte:

| <b>A) USO DOMÉSTICO</b>                  |                                  |
|--|----------------------------------|
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo  | 5 €/mes                          |
| <b>TRAMOS</b>                            | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> |
| 1º TRAMO: 0-10,999 m <sup>3</sup> /mes   | 0,099210                         |
| 2º TRAMO: 11 -20,999 m <sup>3</sup> /mes | 0,595263                         |
| 3º TRAMO: 21-40 m <sup>3</sup> /mes      | 0,831757                         |
| 4º TRAMO: Máis 40 m <sup>3</sup> /mes    | 1,419183                         |

| <b>B) USO COMERCIAL</b>                  |                                  |
|--|----------------------------------|
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo  | 5 €/mes                          |
| <b>TRAMOS</b>                            | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> |
| 1º TRAMO: 0-10,999 m <sup>3</sup> /mes   | 0,174327                         |
| 2º TRAMO: 11 -20,999 m <sup>3</sup> /mes | 1,045961                         |
| 3º TRAMO: 21-40 m <sup>3</sup> /mes      | 1,341766                         |
| 4º TRAMO: Máis 40 m <sup>3</sup> /mes    | 2,282280                         |

| <b>C) USO INDUSTRIAL</b>                 |                                  |
|--|----------------------------------|
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo  | 8 €/mes                          |
| <b>TRAMOS</b>                            | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> |
| 1º TRAMO: 0-15,999 m <sup>3</sup> /mes   | 0,092170                         |
| 2º TRAMO: 16 -30,999 m <sup>3</sup> /mes | 0,553019                         |
| 3º TRAMO: 31-45 m <sup>3</sup> /mes      | 0,821514                         |
| 4º TRAMO: Máis 45 m <sup>3</sup> /mes    | 1,431398                         |

| <b>D) USO PARA OBRAS E USOS ESPECIAIS</b> |                                  |
|---|----------------------------------|
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo   | 8,5 €/mes                        |
| <b>TRAMOS</b>                             | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> |
| 1º TRAMO: 0-15,999 m <sup>3</sup> /mes    | 0,230464                         |
| 2º TRAMO: 16 -30,999 m <sup>3</sup> /mes  | 1,382785                         |
| 3º TRAMO: 31-45 m <sup>3</sup> /mes       | 1,778520                         |
| 4º TRAMO: Máis 45 m <sup>3</sup> /mes     | 3,711231                         |

B.- Para as prestacións comprendidas no artigo 2.1.2, servizo de instalación, verificación, desprecintado, mantemento e conservación de contadores, pola aplicación dos seguintes importes:

- Para a instalación de contadores:

a) Instalación de contador de 15mm en batería de contadores ou similar: 87,22€/unidade.

-Contador de 15mm

-Válvula antirretorno

-Pezas de conexión

b) Instalación arqueta ou armario 185,04€

- Arqueta 40x40 ou armario

-Contador de 15mm

-Válvula antirretorno

-Pezas de conexión

c) Contadores en función do diámetro, sen instalación:

| Diámetro: | euros/unidade |
|-----------|---------------|
| 13 mm     | 54,70         |
| 15 mm     | 62,26         |
| 20 mm     | 75,99         |
| 25 mm     | 123,75        |
| 30 mm     | 173,01        |
| 40 mm     | 268,19        |
| 50 mm     | 586,03        |
| 65 mm     | 726,49        |

- Para mantemento, conservación, desprecintado ou verificación de contadores:

|   |                  |
|---|------------------|
| Mantemento e conservación de contadores   | 0,335 €/mes.     |
| Desprecintado do contador ou verificación e desprecintado en caso de instalación polo abonado (*) | 27,62 €/unidade. |

(\*) Esta cota refírese á verificación e desprecintado en caso de instalación polo abonado e ao restablecemento do servizo de subministro de auga cando non se teña producido a extinción do contrato.

C.- Para as prestacións comprendidas no artigo 2.1.3, actividade técnica e administrativa dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión á rede municipal de subministro de auga, e a contratación do servizo, pola aplicación dos seguintes importes:

|   |                  |
|---|------------------|
| Enganche ( conexión ou posteriores contratacións) | 80,64 €/unidade. |
|---|------------------|

D.- Para as prestacións comprendidas no artigo 2.1.4, execución de acometidas de subministro de auga, pola aplicación dos seguintes importes:

D.1 Acometidas de ata 5 metros de lonxitude:

| Ø Acometida   | Pavimento |            |                    |
|---------------|-----------|------------|--------------------|
|               | Terra     | Aglomerado | Baldosa- beirarrúa |
| ¾' (d=25mm)   | 222,59€   | 299,74€    | 330,64€            |
| 1'´´ (d=32mm) | 227,35€   | 329,15€    | 368,23€            |
| 1¼"-1½"       | 249,69€   | 353,49€    | 390,57€            |
| 2" (d=63mm)   | 261,33€   | 372,56€    | 409,64€            |

D.2 Para acometidas que excedan dos 5 metros, engadirase por cada metro os importes resultantes da aplicación do seguinte:

| Acometida  | ¾' (d=25mm) | 1'´´ (d=32mm) | 1¼"-1½" | 2" (d=63mm) |
|------------|-------------|---------------|---------|-------------|
| Terra      | 9,35€       | 9,75€         | 11,65€  | 13,76€      |
| Aglomerado | 26,65€      | 27,05€        | 28,95€  | 31,06€      |
| Beirarrúa  | 32,83€      | 33,23€        | 35,13€  | 37,24€      |

## 5.2. SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPUTACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Para o servizo de saneamento e depuración de augas residuais, a cota establecerase de acordo co seguinte:

A. Para as prestacións comprendidas no artigo 2.2 a) e b), de utilización da rede de saneamento dos predios que legal ou fisicamente constitúan a unidade de edificación e a prestación do servizo de depuración de augas residuais ver-

tidas pola rede de saneamento, nos casos de fincas que fagan uso do servizo municipal de subministro de auga potable, sumando á cota de dispoñibilidade do servizo que en cada caso corresponda os importes que resulten de multiplicar os metros cúbicos de auga consumidos polos importes/metro cúbico asociados ao tramo de aplicación, tanto para o servizo de saneamento como para o de depuración, de acordo co seguinte:

|   | SANEAMENTO                       | DEPURACIÓN                       |
|---|----------------------------------|----------------------------------|
| <b>A) USO DOMÉSTICO</b>                 |                                  |                                  |
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo | 4€/mes                           |                                  |
| <b>TRAMOS</b>                           | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> |
| 1º TRAMO: 0-10 m <sup>3</sup> /mes      | 0,048910                         | 0,057125                         |
| 2º TRAMO: Máis 10 m <sup>3</sup> /mes   | 0,146731                         | 0,171373                         |

|  | SANEAMENTO                       | DEPURACIÓN                       |
|--|----------------------------------|----------------------------------|
| <b>B) USO COMERCIAL E USOS ESPECIAIS</b> |                                  |                                  |
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo  | 4 €/mes                          |                                  |
| <b>TRAMOS</b>                            | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> |
| 1º TRAMO: 0-10 m <sup>3</sup> /mes       | 0,099017                         | 0,113267                         |
| 2º TRAMO: Máis 10 m <sup>3</sup> /mes    | 0,297050                         | 0,339802                         |

|  | SANEAMENTO                       | DEPURACIÓN                       |
|--|----------------------------------|----------------------------------|
| <b>C) USO INDUSTRIAL</b>                   |                                  |                                  |
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo 6€ | 6 €/mes                          |                                  |
| <b>TRAMOS</b>                              | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> |
| 1º TRAMO: 0-10 m <sup>3</sup> /mes         | 0,033322                         | 0,038731                         |
| 2º TRAMO: Máis 10 m <sup>3</sup> /mes      | 0,099966                         | 0,116192                         |

|  | SANEAMENTO                       | DEPURACIÓN                       |
|--|----------------------------------|----------------------------------|
| <b>D) USO PARA OBRAS</b>                   |                                  |                                  |
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo 6€ | 6 €/mes                          |                                  |
| <b>TRAMOS</b>                              | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> | <b>€/m<sup>3</sup> consumido</b> |
| 1º TRAMO: 0-10 m <sup>3</sup> /mes         | 0,030602                         | 0,039465                         |
| 2º TRAMO: Máis 10 m <sup>3</sup> /mes      | 0,091805                         | 0,118396                         |

B. Para as prestacións comprendidas no artigo 2.2 a) e b), de utilización da rede de saneamento dos predios que legal ou fisicamente constitúan a unidade de edificación e a prestación do servizo de depuración de augas residuais vertidas pola rede de saneamento nos casos de fincas que non fagan uso do servizo municipal de abastecemento de auga potable, mediante a aplicación da seguinte cota:

|             | SANEAMENTO     | DEPURACIÓN      |
|-------------|----------------|-----------------|
| Por abonado | 1,563009 €/mes | 3,5788721 €/mes |

C. Para os feitos impenibles sinalados no artigo 2.2 c) de actividade técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais), pola aplicación dos seguintes importes:

|                             |                  |
|-----------------------------|------------------|
| Enganche á rede de pluviais | 35,42 €/unidade. |
| Enganche á rede de fecais   | 35,42 €/unidade. |

D. Para o feito impenible sinalado no artigo 2.2 d), de execución de acometidas ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais), pola aplicación dos seguintes importes:

Importes de aplicación para execución da conexión coas redes de saneamento, para cada unha das acometidas de pluviais ou fecais solicitada:

| Pavimento  | Importe pola execución de acometida de ata 5 metros de lonxitude | Importe a engadir por cada metro a maiores de 5 na lonxitude da acometida |
|------------|--|---|
| Terra      | 285,12€  | 22,25€  |
| Aglomerado | 406,92€  | 46,61€  |
| Beirarrúa  | 471,72€  | 59,57€  |

A unidade de acometida ao saneamento municipal estará formada por arqueta de saída, tubaxe de PVC liso de  $d=160\text{mm}$  e  $4\text{kN/m}^2$ , incluídos os traballos de demolición e reposición do pavimento preexistente, escavación, recheo e conexión ao colector municipal.

## Artigo 6. Reducións na cota

### 6.1. Reducións na cota

As cotas reguladas no artigo 5.1.A de servizo de abastecemento uso doméstico, 5.1.B de servizo de abastecemento uso comercial, 5.2.A de servizo de saneamento e depuración uso doméstico e 5.2.B de servizo de saneamento e depuración uso comercial e uso especial, quedarán reducidas nun cincuenta por cento para os contribuíntes que sexan beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), así como para os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado.

6.1.1. Estas reducións teñen carácter rogado, xurdindo efecto desde a súa concesión no período seguinte ao da solicitude.

6.1.2. Os interesados que desexen acceder a este beneficio deberán presentar a correspondente solicitude, con indicación expresa de que se solicita a redución da cota no servizo de abastecemento, saneamento e depuración e xuntarán á mesma a seguinte documentación:

f) Fotocopia do NIF do solicitante, así como no seu caso, do seu representante, xuntando xustificante que acredite dita representación.

g) Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter análogo.

h) Referencia e titularidade catastrais do inmovible no que se presta o servizo (poderá acreditarse achegando copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles).

i) Certificado de empadramento na vivenda obxecto da solicitude

j) No caso en que o solicitante non sexa propietario do inmovible obxecto do servizo deberá achegar, ademais:

- Fotocopia do contrato de alugamento ou documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso do mesmo ao solicitante da redución.
- Autorización do titular do contrato para solicitar a redución na cota dos servizos.

6.1.3. A entidade prestadora do Servizo do Ciclo Integral da Auga comprobará que se reúnen todos os requisitos para poder aplicar esta redución.

6.1.4. Tanto o propietario do ben inmovible obxecto do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á entidade prestadora do servizo do Ciclo Integral da Auga calquera modificación nos datos relativos a esta redución.

6.1.5. No caso de renovacións, cando o réxime protector ao que estea acollido o a interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberase achegar fotocopia compulsada do novo acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter análogo

6.1.6. O cambio de domicilio por parte do beneficiario suporá o cese no goce da redución con efectos no mesmo trimestre en que efectivamente se probe. O recoñecemento da redución nun novo domicilio requirirá da formulación dunha nova solicitude, e da achega da documentación indicada no punto 2 deste artigo.

### 6.2. Reducións na cota en caso de fuga

a) Nos casos de fuga de auga previstos no número 6.2.1 deste artigo, liquidarase o consumo do mesmo trimestre do ano anterior aplicando a tarifa vixente. De non existir datos do consumo do mesmo trimestre do ano anterior, facturarase os primeiros  $80\text{ m}^3$  aplicando a tarifa vixente.

b) O resto do consumo, facturarase o prezo do 2º tramo do uso doméstico.

c) Está tarifa so será aplicable a un único período de facturación.



6.1.1. A tarifa aplicable en caso de fuga será de aplicación a aqueles abonados que o soliciten e cumpran os requisitos seguintes:

- a) O tipo de uso será doméstico, cun consumo mínimo trimestral de 80 m<sup>3</sup>.
- b) O consumo do recibo polo que se solicita a redución deberá ser superior ao triplo do consumo do mesmo trimestre do ano anterior. De non existir datos do mesmo trimestre do ano anterior, o consumo do recibo polo que se solicita a redución deberá ser superior a 180 m<sup>3</sup>.
- c) Deberase reparar ou emendar a avaría que provocou o aumento de consumo nun prazo de sete días naturais dende que tivo coñecemento da existencia da fuga.
- d) Que a fuga se haxa producido por un feito fortuño non atribuíble a unha negligencia. Para estes efectos, entenderase que existe negligencia cando se trate dunha fuga non reparada no prazo que se indica no apartado anterior, ou cando se trate dunha fuga informada e comunicada ao usuario e non reparada.
- e) Non ter pendente de pago ningún recibo, excepto do que se solicita a presente redución.
- f) Non ser cuberto o exceso de consumo pola póliza do seguro do inmovible.

6.2.2 Desestimaranse aquelas solicitudes de bonificación en caso de fuga que:

- a) Non cumpran os requisitos anteriores.
- b) Cando se aplicou a norma a outra avaría na mesma subministración e entre a devandita avaría e a actual transcorrese menos dun ano a contar entre as datas de solicitude.
- c) Cando xa se aplicou a norma a dúas avarías na mesma subministración e entre a primeira delas e a avaría actual transcorresen menos de cinco anos a contar entre as datas de solicitude.

6.2.3. Procedemento de aplicación da tarifa aplicable en caso de fuga

a) O procedemento iniciarase a instancia do titular do contrato de subministración de auga. A solicitude deberá presentarse como límite ata transcorridos 15 días naturais contados dende a finalización do período voluntario de abono do recibo, achegando, en todo caso, a seguinte documentación:

- Fotocopia da factura de reparación da fuga de auga e xustificante do pago da mesma, emitida por instalador autorizado, ou de informe do seguro que asuma a reparación.

- Declaración responsable de que o exceso de consumo non está cuberto pola póliza do seguro do inmovible.

b) transcorrido o prazo de tres meses sen que se notifique a resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude.

6.3. Tarifa aplicable a comunidade de propietarios que dispoñen do servizo comunitario de auga quente.

- a) Nos casos de abastecemento previstos no número 6.3.1 deste artigo, liquidarase o consumo como uso doméstico.
- b) O consumo que exceda dos 40 m<sup>3</sup>/mes facturarse o prezo do 2º tramo do uso domestico.

6.3.1. A tarifa será de aplicación a aqueles abonados que o soliciten e cumpran os requisitos seguintes:

- a) O contrato de subministro estará a nome da comunidade de propietarios.
- b) O uso da auga deberá ser exclusivo para auga quente sanitaria.

6.3.2 Desestimaranse aquelas solicitudes que:

- a) Non cumpran os requisitos anteriores.
- b) Cando non se acredite adecuadamente o uso da auga en exclusiva para uso comunitario de auga quente.

6.3.3. Procedemento de aplicación da tarifa

a) O procedemento iniciarase a instancia da comunidade de propietarios, a solicitude será presentada polo representante legal da mesma, debidamente acreditado, en todo caso, será preciso acompañar a mesma a seguinte documentación:

- Acreditación da representación mediante calquera medio válido en dereito (art. 5.3.3 Lei 39/15).

- Informe de instalador autorizado no que se describirá a instalación e os seus elementos, o que se acompañara un esquema da instalación comunitaria dende o contador principal.

b) Transcorrido o prazo de tres meses sen que se notifique a resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude.

6.4. Os importes sinalados neste artigo veranse gravados co IVE que resulte de aplicación.

#### **Artigo 7.º Devindicación das cotas e período de facturación**

Con carácter xeral, o período de facturación coincidirá co trimestre natural. As cotas devendicaranse o primeiro día do período de facturación.

No caso de altas no servizo, o período de facturación axustarse a esta circunstancia co prorrateo das cotas fixas por meses naturais.

#### **Artigo 8.º Normas de xestión.**

C) Autorización e execución de acometidas.

1. As persoas interesadas na obtención dunha autorización de acometida, prestacións recollidas nos artigos 2.1.4 (execución de acometidas de subministro de auga) e 2.2.d (execución de acometidas ás redes municipais de saneamento (pluviais ou fecais), previamente á presentación da oportuna solicitude, abonarán o importe da cota por acometida prevista nos artigos 5.1.D e 5.2.D da presente ordenanza, que será facturada pola entidade prestadora do servizo do Ciclo Integral da Auga.

2. En caso de executar unha acometida sen mediar a previa autorización, a entidade prestadora do servizo liquidará a tarifa correspondente, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador.

3. Para proceder á execución dunha acometida á rede de abastecemento ou saneamento, con anterioridade ao comezo das obras o interesado deberá ingresar a cota correspondente en concepto de depósito previo que será o importe íntegro do orzamento que resulte da aplicación do disposto no artigo 5.1.D e 5.2.D desta ordenanza. Rematadas as obras, e á vista do seu custe, a entidade prestadora do servizo, no seu caso, practicará a correspondente liquidación para esixir ou reintegrar ao interesado os importes que procedan.

B) Subministro de auga e mantemento e conservación de contadores .

- O obrigado ao pago queda obrigado tamén a presentar declaracións de alta, baixa ou modificación do servizo.
- Toda autorización para gozar do servizo levará aparellada a obriga de subscribir un contrato, instalar o contador -nos inmobles será particular para cada vivenda-, que deberá ser colocado en sitio visible e de fácil acceso de xeito que permita a súa lectura.
- A sinatura do contrato de subministro dará lugar a inclusión na base de datos de abonados do servizo.
- Cada autorización será intransferible, e concederase para un domicilio ou obra determinada.
- Os volumes de auga consumida serán os medidos en cada momento polo contador.
- As variacións no caudal subministrado debidas a razóns climatolóxicas, avarías ou outras causas de forza maior non darán dereito aos abonados a reclamar ningunha cantidade.
- A lectura do contador, facturación e cobro efectuaranse cada tres meses. A prestación patrimonial de carácter público non tributario esixirase mediante factura. Ao se tratar dun cobro periódico, una vez efectuada e facturada a alta poderán notificarse as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan.

D) Servizo de rede de saneamento e depuración

- O obrigado ao pagamento queda obrigado tamén a presentar declaracións de alta, baixa ou modificación do servizo, que producirán efectos no seguinte período de facturación.
- Toda autorización para gozar do servizo de saneamento levará aparellada a obriga de subscribir un contrato, a sinatura do contrato do servizo dará lugar a inclusión na base de datos de abonados do servizo.
- Para aqueles propietarios que non soliciten a prestación do servizo de saneamento ou non procedan a efectuar a acometida, sempre que exista a posibilidade da conexión segundo o regulamento do servizo, existe a obriga de comunicar a alta na base de datos dos abonados do servizo.
- As cotas esixibles liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que as relativas ao servizo de subministro de auga.
- A exacción da prestación patrimonial de carácter público non tributario esixirase mediante factura. Ao se tratar dun cobro periódico, una vez efectuada e facturada a alta poderán notificarse as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan.
- Nas declaracións de baixa, achegarase certificado administrativo de declaración de ruína da construción ou documentación acreditativa de que o inmovible adquiriu a condición de solar ou terreo. Fóra deste suposto non se admitirá baixa ningunha.

### Artigo 9.º Normas de pagamento

O prazo do pagamento das facturas emitidas pola entidade prestadora do servizo é de dous mes dende a data de emisión, debendo quedar constancia deste na propia factura.

As persoas obrigadas ao pagamento poderán optar por domiciliar o pago do recibo nunha conta bancaria ou ben facelo efectivo nas entidades bancarias ou financeiras que a entidade prestadora do servizo autorice para o cobro, no prazo indicado no apartado anterior.

A falta de pagamento das cantidades resultantes da aplicación das tarifas recollidas nesta ordenanza poderá supoñer a suspensión do subministro de auga, de conformidade co establecido no Regulamento do servizo. En todo caso, transcorrido o prazo de dous meses dende a emisión da factura sen que esta fose abonada, a entidade prestadora do servizo trasladará relación de débedas pendentes de pago ao Concello con indicación do comezo e fin do prazo para o pago da factura, para que este inicie os procedementos de recadación en vía executiva.

#### Disposición transitoria

A entrada en vigor desta ordenanza non é precisa a formación da correspondente alta no servizo, nen unha nova solicitude de redución da cota, para as persoas usuarias dadas de alta no servizo con anterioridade á aprobación desta ordenanza.

Tan só terán que solicitar a alta e/ou redución da cota os novos abonados do servizo.

#### Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor da presente ordenanza queda derogadas as ordenanzas seguintes:

Ordenanza fiscal 3.A.2 reguladora da taxa polo saneamento e depuración de augas residuais

Ordenanza fiscal 3.A.3 reguladora da taxa pola subministración de auga.

#### Disposición derradeira.

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o xxxxxxxxxxxxxxxx, e entrará en vigor unha vez entre en funcionamento a Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL e se teña publicada no Boletín Oficial da Provincia, nos termos indicados no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Ames, 09 de febreiro de 2024

O alcalde

José Blas García Piñeiro

2024/1020